

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés				
Materia	Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés			
Código	O05G110V01935			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	de Prada Creo, Elena			
Profesorado	de Prada Creo, Elena			
Correo-e	edeprada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Repercusións da noción de situación de comunicación no ensino/aprendizaxe do francés lingua estranxeira.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
A2	Capacitar os docentes para que aprendan a promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A4	Proporcionar ás alumnas e aos alumnos recursos para fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B4	Coñecemento de lingua estranxeira
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B21	Motivación pola calidade

Competencias de materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro	A2 A11

2. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativo e promovelo entre os estudantes	A11	
3. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües.	A3 A4	B3 B4 B11 B12
4. Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidad e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá	A3	B11 B12
5. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación	A1 A6	
6. Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes	A1 A2	B3 B4
7. Identificar os tipos de actividades comunicativas nos ámbitos persoal, público, profesional e educativo.	A2 A4 A6	B3 B4
8. Elaborar tarefas (situacións de comunicación) que contemplen os distintos tipos de actividades comunicativas en distintos ámbitos, adecuadas ao nivel A1 do Marco Europeo Común para as Linguas.	A2 A3 A6	B3 B4 B11
9. Elaborar esquemas cognitivos que permitan dividir cada tarefa en sub-tarefas.	A2	B3 B4 B16 B17 B19
10. Saber relacionar a tarefa co seu correspondente nivel de referencia (A1 do Marco Común Europeo)	A2	B1 B3 B4 B17 B19
11. Determinar as competencias xerais e as competencias comunicativas que corresponden a cada sub-tarefa.	A2	B1 B3 B4 B13
12. Saber utilizar as escalas holísticas e específicas para a avaliación das tarefas.	A1 A2	B1 B2 B21

Contidos

Tema	
1. Introdución aos conceptos básicos das actividades comunicativas	Definición da comunicación e da competencia de comunicación
2. O contexto do uso da lingua	A situación de comunicación.
3. O discurso como unidade básica de comunicación.	Comunicación oral e comunicación escrita
4. Os esquemas cognitivos como ferramenta para estructurar as tarefas	Prácticas de comunicación oral e comunicación escrita
5. Introdución aos conceptos básicos das competencias xerais e comunicativas.	(*)
6. A avaliación a través dos niveis de referencia	(*)

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	20	30
Presentacións/exposicións	5	11	16
Prácticas autónomas a través de TIC	0	25	25
Prácticas de laboratorio	10	10	20
Traballos de aula	18	20	38
Sesión maxistral	5	11	16
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	0	3
Probas de tipo test	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo
Prácticas autónomas a través de TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios científico-técnicos, de idiomas, etc)
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante
Sesión maxistral	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada realizarase durante o horario de titorías, que o profesor detallará na sesión introductoria do curso, e previa cita solicitada polo alumno por correo electrónico. Desta forma o alumnado podra resolver dúbidas, expor suxestións reforzar aspectos prácticos da materia.
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada realizarase durante o horario de titorías, que o profesor detallará na sesión introductoria do curso, e previa cita solicitada polo alumno por correo electrónico. Desta forma o alumnado podra resolver dúbidas, expor suxestións reforzar aspectos prácticos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Proba na que se presenta unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc	30
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia	50
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

As competencias non adquiridas na convocatoria de maio (1º edición) poderán ser recuperadas na 2 edición de xullo. Neste caso, manterase a nota de próbalas/actividades xa superadas ata esta segunda convocatoria.

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non a clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

Data do exame: Consultar a web da facultade (http://webs.uvigo.es/educacion-ou/) no menú "Datas exames"

Bibliografía. Fontes de información

Sophie Moirand, **Enseigner à communiquer en langue étrangère**, Clé internationale,

Sophie Moirand, **Situations d´écrit**, clé internationale,

Javier Suso Lopez, **Communication et enseignement/apprentissage du français-lle**, Granada,

PÁXINAS WEB:

http://www.edufle.net/
tv5.org
lexiquefle.fre.fr

bonjourdefrance.com
storybox.com

DICIONARIOS ELECTRÓNICOS:

Le Petit Robert

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma estranxeiro: Francés/O05G120V01904
Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Francés/O05G120V01905

Outros comentarios

Sería recomendable unha iniciación mínima no idioma francés e coñecementos previos a nivel de bacharelato, ou nivel A1 segundo o Marco Común Europeo para o estudo das linguas. En todo caso pódense reforzar os coñecementos do idioma e elevar o nivel a través de cursos na escola de idiomas, da UNED e noutros estamentos e medios dos que se dispón na actualidade a nivel autónomo como son as metodoloxías que se poden atopar en internet e as páxinas web especializadas na aprendizaxe das linguas estranxeiras.